



QUE É ADEGA?

ADEGA é unha **asociación ecoloxista de ámbito galego** que traballa sen ánimo de lucro pola defensa do medio ambiente e a cultura de Galiza desde hai máis de **40 anos**. A súa actividade está implantada por todo o país e conta con máis de 1.500 persoas e entidades asociadas.

EN QUE TRABALLAMOS?


ADEGA desenvolve a súa acción nas seguintes áreas temáticas: **Conservación e Biodiversidade, Contaminación e Residuos, Enerxía e Cambio Climático, Medio Rural e Montes, Territorio e Urbanismo, Cultura e Patrimonio, Auga e Ríos, Educación e Voluntariado ambiental, Pacifismo e Mundialización.**

QUEN FAI TODO ISTO?

As actividades de ADEGA realízanas **socias e socios, activistas e voluntarios/as** que achegan o seu tempo, coñecementos e habilidades. Ademais conta coa colaboración de **personal técnico** e experto en determinados campos.

QUE PODES FACER TI?

Hai moitos xeitos de formar parte de ADEGA, como **socio/a, activista ou voluntario/a**. Escolle a tarefa que mellor se adapte a ti!



Onde estamos?

Sede: Travesa dos Basquiños, nº 9 - baixo. 15704 Santiago de Compostela.

Delegacións: A Coruña, A Mariña, Alto Ulla, Compostela, Condado/Paradanta, Costa da Morte, Ferrolterra, Lugo, Monterrei, O Carballiño, Ordes/Cerceda, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Tfno.: 981570099

Correo-e: adega@adega.gal

www.adega.gal



ADEGA coida
DATERRA





Proxectos



Proxecto Ríos

É a principal iniciativa de voluntariado de ADEGA. Calquera persoa ou grupo pode participar, adoptando un treito de río para a súa inspección. Na actualidade Proxecto Ríos conta con máis de 200 grupos de voluntarios/as. E ti? www.proxectorios.org

Charcas con vida

Pretende difundir os valores destes humidais e contribuír ao seu estudo e conservación, mediante a custodia por parte de asociacións, centros de ensino, amigos, familias... E ti, por suposto! www.charcasconvida.org



Eira da Xoana

Desde 2008 ADEGA dispón dunha casa rural onde facer actividades ligadas á cultura e ao territorio: educación ambiental, recuperación de saberes tradicionais, feiras de produtos artesanais e ecolóxicos, roteiros, obradoiros... www.eiradaxoana.com

Compostaxe

En moitos concellos galegos xa contan con estes programas para xestionar os residuos orgánicos sen necesidade de recollida nin transporte.

Accións



Roteiros

Ao tempo que camiñamos, coñecemos, gozamos e reivindicamos a protección do noso patrimonio natural e cultural.



Denuncia

ADEGA leva a cabo loitas reivindicativas coa fin de conseguir a protección e conservación do medio contra as ameazas que sofre.



Educación ambiental

ADEGA aposta pola educación que xera conciencia no individuo e busca solucións a problemas ambientais. A educación ambiental de ADEGA chega a todos os públicos.



Voluntariado

Milleiros de persoas participan en actividades de voluntariado ambiental convocadas por ADEGA para a limpeza de praias, ríos, eliminación de especies exóticas invasoras, etc.

Divulgación



Cerna

A revista editada por ADEGA é a de maior divulgación en Galiza sobre medio ambiente e ecoloxía.

ADEGA Cadernos

Publicacións científicas e técnicas de temática ambiental.

Radio Cerna

É o primeiro espazo radiofónico de temática ecoloxista en Galiza. Escóitase en máis de 25 emisoras locais e na rede.

Todos os documentos de divulgación pódense descargar en www.adega.gal

Ficha de alta de socio/a

PASA ACCIÓN! Completa esta ficha, envíaa a Travesa dos Basquiños, nº 9 - baixo. 15704 Santiago de Compostela. Ou lévaa ti mesma/o polo local e coñecémonos en persoa. Tamén poderás Asociarte na nosa páxina web: www.adega.gal

Nome e apelidos _____

NIF _____ Data nacemento _____

Profesión _____

Enderezo _____

C.P. _____ Poboación _____ Provincia _____

Teléfono _____ Correo-e _____

Modalidade de inscrición

- Estudiante, parado/a (30€/ano) Xeral (60€/ano)
 Superior anual (78€/ano) Familiar*
 Superior trimestral (19,50€/trimestre)

Opcional

- Non quero recibir a edición impresa de CERNA para contribuír a aforrar papel.
 Quero subscribirme aos ADEGA-Cadernos (3€ por edición)

Datos bancarios

Banco _____

Sucursal _____

IBAN

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|--|--|----------|--|--|--|---------|--|--|--|-------------------|--|----------|--|--|--|--|--|
| E | S | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | ENTIDADE | | | | OFICINA | | | | DÍXITO DE CONTROL | | Nº CONTA | | | | | |



ASOCIÁNDOTE

- quedarás suscrito/a á revista CERNA (revista galega de ecoloxía e medio ambiente),
- quedarás suscrito/a aos materiais que editemos (folletos, calendarios, etc.),
- gozarás de interesantes descontos nas actividades non gratuítas de ADEGA (roteiros, xornadas, etc.),
- poderás acceder ao fondo de documentación dispoñíbel en ADEGA.

*Consulta condicións en ADEGA